



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

Miguel Ángel Delgado González
ASOCIACIÓN PLATAFORMA EN DEFENSA
DEL SECTOR MARÍTIMO PESQUERO DE
GALICIA (PLADESEMAPESGA)
R/ Juan Castro Mosquera, 28, 2ºD
15005 A Coruña

Asunto: reparos á solicitude de certificación de inscrición de asociacións no Rexistro Central.

Con data 17/07/2018, este Rexistro Central de Asociacións recibiu solicitude presentada pola ASOCIACIÓN PLATAFORMA EN DEFENSA DEL SECTOR MARÍTIMO PESQUERO DE GALICIA (PLADESEMAPESGA) (2012/016402-1ª), para a expedición dunha certificación de inscrición da asociación e do seu representante legal, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei orgánica (LO) 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e o artigo 13 do Real Decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións.

Vista a súa solicitude e, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que regula a subsanación e mellora da solicitude, infórmolle que deberá presentar a seguinte documentación:

O xustificante do pago das taxas administrativas por valor de 3,62 euros, de acordo co disposto nos artigos 21 a 25 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. A estes efectos, xúntase información para a cobertura do impreso de taxas que poderá descargar da páxina web da Xunta: <http://www.atriga.es/web/atriga/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-online-impresos>

Así mesmo, infórmolle que para a cumprimentación do impreso de pago de taxas administrativas deberá consignar os seguintes códigos:

Consellería de Presidencia: 04
Delegación de Servizos Centrais: 13
Servizo de Asociacións: 17
Denominación Certificación: 30.39.08

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018

A xefa de sección do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas,



Josefa Pérez Vidal